

Fenómenos Meteorológicos

Fenómenos Meteorolóxicos

Os fenómenos meteorolóxicos son aqueles que de maneira natural afectan ou actúan sobre o medio ambiente. Eses fenómenos son a chuvia, a neve, os raios do sol, o vento...pero que as veces os seus ataques non son bos para o medio ambiente e pode chegar a ter grandes consecuencias como as inundacións, aínda que as veces ocorre todo o contrario e a falta deles tamén leva consigo grandes problemas, como son por exemplo as sequías.

En definitiva nos non podemos facer nada máis que estar previdos ante estes fenómenos e non contaminando lograremos que os factores que os levan a cabo non se vexan afectados e que así non existan ningún tipo de consecuencia nin cambio que nos poida afectar dalgunha maneira.

Fenómenos meteorológicos más
frecuentes:

O sol



Nesta imaxe podemos ver claramente os raios do sol, xa que o ceo está despexado.

Nesta outra vemos como os raios do sol xa non son tan fortes, xa que este xa está a piques de desaparecer.

O sol é unha estrela e como tal desprende uns raios, que chegan ata a Terra, e son moi bos xa que gracias a eles as plantas medran, e sobre todo todos os seres humanos podemos vivir.



Nubes



As nubes son masas de aire que se desprazan en sentido horizontal dunha zona de presións maiores ata unha zona de presións menores. Son o principal fenómeno atmosférico visible. Aquí pódese apreciar diferentes tipos:



Tipos de nubes



Néboa



Aquí a néboa é moi intensa, costa diferenciar que hai ó fondo.



Aquí sen embargo é máis fácil apreciar toda a paisaxe, xa que a néboa é menos intensa.

A néboa é unha nube de auga condensada en forma de gotiñas de auga ou cristais de xeo, suspendida na atmosfera, xusto sobre a superficie terrestre.

Raios



Os raios son descargas eléctricas que se producen entre nubes de chuvia ou entre unha destas nubes e a terra. Son visibles en forma de ramificacións irregulares. Este fenómeno tamén produce unha onda sonora, normalmente é un ruído bastante molesto. Cando este fenómeno se repite consecutivamente varias veces denominámolo tormenta.

As imaxes representan un raio ó producirse a descarga eléctrica.

Chuvia



A formación de chuva a partir de vapor de auga que contén na atmosfera iníciase cunha fase de saturación, na que o aire húmido arrefriase ata a temperatura do punto de rocío.

En presenza de núcleos de condensación, o aire saturado precipita o vapor de auga en forma de gotas de pequeno tamaño, dando lugar o que coñecemos coma chuva.

Nestas imaxes podemos ver como a auga resultante da chuva queda estancada en diferentes lugares, ou como o chover esta descende polas rúas cara abaixo.

Xeada



Neste edificio vese como a auga quedou conxelada, so nas zonas que había auga no momento no que as temperaturas descenderon.



Esta imaxe pertence a unha fonte na que a súa auga está conxelada por culpa do descenso de temperaturas tan grande producido durante a noite.

A xeada é un fenómeno que consiste no descenso inesperado da temperatura ambiente a niveles inferiores ó punto de conxelación da auga e fai que a auga que está no aire se conxele depositándose en forma de xeo nas superficies.

Sarabia

A sarabia é un tipo de precipitación consistente en grans aproximadamente de xeo e neve combinados, en xeral, en capas alternas. As verdadeiras pedras de sarabia só se producen ó empezar unha tormenta e cando a temperatura do chan é bastante inferior á conxelación.



Nesta imaxe podemos ver uns grans, recollidos en Cambados un día chuvioso.



Sen embargo nesta fotografía vese como o tamaño dos gran é moito máis grande, xa que este non é sempre igual e o seu tamaño dun lado o outro pode variar considerablemente.

Neve



Estas fotografías foron tomadas no interior da península, uns días despois de que houbera unha gran nevada.

A precipitación en forma de neve prodúcese cando a temperatura está por debaixo dos 0° C a alturas inferiores a 300m sobre o nivel do chan, co cal os diminutos cristais que caen en calquera precipitación acuosa non ten ocasión de fundirse, só o fan superficialmente, mesturándose entre si e dando lugar as folerpas de neve.



Esta imaxe recollida noutro lugar presenta unha paisaxe completamente chea de neve, incluso non se ven ningunha parte das ramas sen cubrir.

Arco da vella ou Arco iris



Este arco da vella formouse coa auga pulverizada da cascada e a luz do sol, que actuando xuntos o forman.

O arco iris ou da vella é un arco luminoso que amosa as cores do espectro dispostos ordenadamente. Está causado por gotas de auga que caen polo aire. Soe verse no ceo na dirección oposta ó sol, preto da chuvia ou de auga pulverizada nas cascadas.



Sen embargo esta outra imaxe presenta un arco iris formado por auga da chuvia e actuación duns poucos raios do sol, xa que se trata dun día bastante nuboso.

Non todos mostran sempre todas as cores algúns mostran só as primarias e outras, pero menos frecuente mostra tamén as secundarias.

Vento



Nesta primeira imaxe pódese ver como o vento permite o movemento deste papaventos.




Nesta vese como o vento golpea fortemente estas árbores.



Aquí vemos un muíño de vento, que para funcionar correctamente precisa da actuación do vento sobre el.

Os ventos son aire en movemento, que se xeran como consecuencia do desprazamento de aire desde zonas de alta presión a zonas de baixa de presión. Os vento poden clasificarse en catro clases principais: dominantes, estacionais, locais e por último ciclónicos ou anticiclónicos.

Furacán



Estas dúas imaxes destacan a forma do furacán dende un punto de vista aéreo que enfoca a súa parte de arriba.

Os furacáns son ciclóns tropicais migratorios, con fortes ventos e choivas que se orixinan sobre os océanos nalgúns rexións próximas ó Ecuador. A súa velocidade chega os 117 Km/h, aínda que frecuentemente superan os 200Km/h. No centro da perturbación existe unha zona de calma, que co ceo despexado, é coñecida coma o ollo do furacán. O paso deles pola terra sempre deixa grandes consecuencias, xa que a súa forza é tan grande que leva consigo todo o que vai atopando.



Sen embargo esta imaxe presenta unha perspectiva na que as paredes do furacán resaltan ante o resto.

Tornado



Nestas imaxes vese uns tornados que poden chegar a destrozar grandes areas de terreo.

O tornado está considerado como un fenómeno meteorolóxico que consiste nun torbellino de vento forte que xira sobre si mesmo e que se estende dende as nubes ata a superficie terrestre. A súa forma é parecida á dun cono invertido e os seus ventos poden chegar os 400Km/h.

Conclusiones:

Consecuencias da actuación de fenómenos meteorolóxicos



As veces a actuación dos fenómenos meteorolóxicos resultan perxudiciais para o medio ambiente. Por exemplo cando a caída de auga de chuvia durante moito tempo pode provocar grandes inundacións, tamén a actuación do vento provoca a caída das follas das árbores, ou simplemente a baixada das temperaturas xa provoca as xeadas.

Por iso nos debemos coidar o noso medio ambiente e non contaminar para que ningún factor que leva a cabo os fenómenos meteorolóxicos se vexa afectado, e que así se hai danos que non cheguen a ser peores.



Consecuencias da falta de fenómenos meteorolóxicos

A falta da actuación dos fenómenos meteorolóxicos tamén pode levar consigo grandes consecuencias, o mellor exemplo son as sequías e os incendios forestais xa que a falta de chuvias é moi perxudicial para o medio ambiente, tamén existe un gran problema que cando non se producen os cambios necesarios entre cada estación do ano tanto as plantas, os animais ou nos mesmos nos vemos afectados.


Para este problema nos non podemos facer nada unicamente loitar contra o cambio climático e a contaminación que son factores que provocan estes problemas, que as veces poden chegar a ser moi graves.



Os fenómenos meteorolóxicos como recurso



Os xeradores de turbina eólica, son moi empregados en zonas de moito de moito vento xa que transforman a forza do vento que reciben en enerxía eléctrica.



A enerxía hidráulica é un recurso natural dispoñible naquelas zonas que presentan suficiente cantidade de auga. Desta enerxía obtense importantes recursos enerxéticos.

Dos fenómenos meteorolóxicos tamén se pode sacar proveito, para iso existen diferentes maneiras de aproveitalo, se colocan en zonas específicas diferentes elementos que son capaces de coller a forza dos distintos fenómenos e logo transformala en diferentes enerxías. Ademais iso é moi bo xa que non fai dano o medio ambiente.

Bibliografía

Todas as imaxénes son reais e propias, excepto aquelas que non son posibles de ser fotografiadas aquí ou por min xa que non teñen lugar aquí ou preto de aquí.

Polo que esas son sacadas de diferentes páxinas de Internet.


Toda a información que acompaña as imaxénes pertencen a enciclopedia Temática Planeta e a Encarta 2006, excepto a que explica ou comenta as imaxes que son comentarios feitos por min mesma.

- Este trabalho foi realizado e construído por: Sara Mendoza Trigo.


TORMENTA TROPICAL GORDON

SETEMBRO 2006


20-21 DE SET. MASAS DE AIRE




1 RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 20 SEP 06 A LAS 20:00Z McIDAS




1 RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 20 SEP 06 A LAS 22:30Z McIDAS




1 RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 21 SEP 06 A LAS 00:00Z McIDAS



1 RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 21 SEP 06 A LAS 03:30Z McIDAS




1 RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 20 SEP 06 A LAS 20:00Z McIDAS




1

RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 20 SEP 06 A LAS 22:30Z McIDAS



1

RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 21 SEP 06 A LAS 00:00Z McIDAS








1


RGB IDENTIFICACION MASAS DE AIRE 21 SEP 06 A LAS 08:30Z McIDAS


20-21 SET

IMAXE ESTEREOGRÁFICA POLAR












33 0033 MSG-1 06 21 SEP 06264 000000 00232 09725 01.00



IMAXE METEOSAT/MAPA ISOBARAS 20 SET



21 SET





MAPA SIGNIFICATIVO 21 SEP


Elaborado el miércoles, 20 septiembre 2006 Válido para el jueves, 21 septiembre 2006 de 0 a 24 horas





CICLÓN HELENE TORMENTA TROPICAL GORDON
















VELOCIDADE DOS VENTOS




GORDON VISTO POLA NASA



FURACÁN HELENE NAS ANTILLAS 20 SET



DETALLE



1

GOES-FLOATER VISIBLE - SEP 20 06 19:45 UTC

McIDAS

REFRÁNS POR MESES

XANEIRO	<ul style="list-style-type: none">• Cando as rans cantan en xaneiro, sinal de fame en todo o eido.• O mes de xaneiro xeadeiro, o de febreiro mulideiro, o de marzo esqueiroso e o de abril chuvioso sacan a maio frorido e fermoso.• No mes de xaneiro sube ao outeiro, se ves verdear ponte a chorar, se ves estercar ponte a cantar.• Tantos días de sol en Nadal como de auga en San Xoán.• Xaneiro xeado e abril mollado, enchen o faiado.• Xaneiro xeadeiro.• Xaneiro xeadeiro, febreiro ventisqueiro, marzo pardo, abril mollado e maio claro, valen máis que os bois e o carro.• Seco xaneiro, abundancia no graneiro.• A xeada de xaneiro (ou de febreiro) mata a vaca e mais o leiro.• Poucas chuvias en xaneiro, enchen o celeiro.• Quen labra no xaneiro labra para o ano enteiro.• Poda en xaneiro, vendima no sombreiro.• En xaneiro, a vberza é carneiro.• En xaneiro, verza vella e mal carneiro.• En xaneiro pon o alleiro.• Se queres ter bo alleiro, plántao no xaneiro.• As patacas de xaneiro van na cesta e veñen no sombreiro.• En xaneiro, lume na lareira e porco no fumeiro.• O vinteún de xaneiro tén unha hora por enteiro.• AEn xaneiro, camiseiro.• Seco xaneiro, abundancia no graneiro.• Xaneiro, nin boa meda, nin bo palleiro.• Non hai lúa como a de xaneiro, nin amor como o primeiro.• Coa lúa de xaneiro ven a formiga polo carreiro.• Xxaneiro, arde verdadeiro.• Un bó día de xaneiro é un lobo no quinteiro.• Novembro e xaneiro teñen algún tempeiro.• Se chove o día de San Antón de Xaneiro van as pipas ao fumerio, e se está bo tempo van ao canteiro.• En xaneiro, auga ao caldeiro.• Se chove antes do 17 de xaneiro leva as pipas ao fumeiro.
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none">• Pola Candelaria, se chove e venta, o inverno entra; se rí e chora, medio inverno vai fóra; se non chora nen rí, o inverno está por vir; se chora e deixa de chorar, a metade do inverno está por pasar; e se non chove nen implora, o inverno xa vai fóra.• Se pola Candelaria chove a metade do inverno vai fóra, se non chove, nin dentro nin fora.•• Xaneiro xeadeiro, febreiro ventisqueiro, marzo pardo, abril mollado e maio claro, valen máis que os bois e o carro.

	<ul style="list-style-type: none"> • A xeadade febreiro, mata a vaca e máis o leiro • Por San Brais aparellos para atrás. • Por San Brais, dúas horas máis. • Tal o vinteseite, tal o mes seguinte, se o vinteoito consinte. • Antroido á raxeira, Pascuas á lareira. • DFebreiro, por cada fol o seu regueiro. • Auga de febreiro enche o cabaceiro. • <u>Chuvia en febreiro, trigo no graneiro.-</u> • No mes morto (febreiro) non saches o horto nin capes o porco. • Cando febreiro non febreirea marzo marcea. • Por Santa Eulalia trompos á borralla. • Vaite febreiro cos teus vinteoito, se chegas a ter máis catro non queda can nin gato. • Vaite febreiro cos teus vinteoito, se chegas a ter máis catro non queda can nin gato, deixa que aí ven o meu irmán marzo que vos ha poñer os cornos no regazo. • Febreiro curto, cos teus vinteoito, se tiveras máis catro non quedaba nin can nin gato, nin ratiño no burato. • <u>De decembro a Santa Eulalia bota os toros á borralla.</u> • • En febreiro, sete capas e un sombreiro. • Neve febreiriña, tarde ven e logo camiña. • <u>Por Santa Eulalia se chove e venta o inverno entra.</u> • <u>En Santa Eulalia, se chove e venta, mete os trompos na caseta.</u> • <u>Se chove o día de Santa Eulalia, chove sete días e unha semana.</u> • <u>Neve febreiriña pica á galiña.</u> • <u>En febreiro patacas ao carreiro.</u> • <u>A xeadade febreiro mata a vaca e mais o leiro.</u>
--	---

MARZO	<ul style="list-style-type: none"> • Xaneiro xeadeiro, febreiro ventisqueiro, marzo pardo, abril mollado e maio claro, valen máis que os bois e o carro. • Vaite febreiro cos teus vinteoito, se chegas a ter máis catro non queda can nin gato, deixa que aí ven o meu irmán marzo que vos ha poñer os cornos no regazo. • Marzo, marzán, pola mañán cara de risa (de rosa, de porco, <u>de lobo</u>), pola tarde cara de can. • Cobra no marzal, neve no San Xoán. • Nas tardes de marzo, <u>recolle</u> o teu gando. • Cando febreiro non febreirea, <u>marzo</u> marcea. • Marzo ventoso e abril chuvioso fan a maio fermoso. • Marzo iguarzo. • Marzo espigarzo. • No marzo hai que sacar a pelica de debaixo do brazo. • No marzo aínda hai lama no pazo. • O sol de marzo queima á dama no pazo. • O sol de marzo mata á dona do pazo. • Marzo amarzador, se un día é malo, o outro é peor. • Marzo maieiro, marzo marceiro.
-------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • O vintecinco de marzo entra a merenda e mais o descanso. • A ovella vella en marzo aleda. • Cando marzo é ventarrón, abril é chuviscón.
--	---

ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> • Xaneiro xeadeiro, febreiro ventisqueiro, marzo pardo, abril mollado e maio claro, valen máis que os bois e o carro. • En abril, cada pingueira de auga vale por mil. • No abril augas mil. • Abril frío, moito pan e pouco viño. • O abril chovedeiro enche o cabaceiro. • Abril frío e fornos quentes, alegría para os meus dentes. • En abril augas mil, en maio as que queiran vir. • En abril augas mil, e ventos todos os que queiran vir. • En abril espigas mil, en maio todo espigado (centeo). • En abril espigas mil. • En abril cear sen candil. • Abril, abril, de cen en cen anos deberías vir. • As mañanciñas de abril déixademas pra durmir. • Se para San Xurxo (abril) xea, non collerás nin unha pera. • En abril augas mil, cargan o carro e máis o barril. • En abril augas mil, e ventos todos os que queiran vir. • Auga en abril, toda a que queira vir; auga no maio, detrás do arado. • Que chova en abril e maio aínda que non chova en todo o ano. • Chova en abril, chova en maio, aínda que non chova en todo o ano. • O queixo ou o barbeito, en abril ou maio sexa feito. • Nin no abril nado, nin no maio plantado (o sandial). • A solla en abril cóllea na man (ou abre a man) e déixaa ir. • En abril métese a vella (ou a abella?) no cubil. • En abril sae o cuco do cubil. • Altas ou baixas, en abril son as Pascuas. • Pascuas molladas, anadas dobradas • Ramos mollados e Pascuas enxoiatas, bo ano de troitas e froitas. • A auga en abril enche o carro e máis o carril.
-------	---

MAIO	<ul style="list-style-type: none"> • Xaneiro xeadeiro, febreiro ventisqueiro, marzo pardo, abril mollado e maio claro, valen máis que os bois e o carro. • No maio bebe o boi no prado, e se non bebe, malo. • Polvo no maio e lama no agosto, anda o tempo descomposto. • Maio frío moito trigo, maio pardo, ano farto. • Maio pardo e San Xoan craro, valen máis que os bois e o carro. • Maio turbo e San Xoán craro fan un ano temperado.
------	---

	<ul style="list-style-type: none"> • Que chova en abril e maio aínda que non chova en todo o ano. • En abril augas mil, en maio as que queiran vir. • Chova en abril, chova en maio, aínda que non chova en todo o ano. • Polvo no maio e lama no agosto, pon ao labrego de mal rostro. • Ata o cuarenta de maio non quites o saio. • Are quen arou, que xa maio entrou. • O queixo ou o barbeito, en abril ou maio sexa feito. • Quen queira comer patacas no maio, que as semente encetado o ano. • O que queira ter pirixel todo o ano, seménteo no maio. • Nin no abril nado, nin no maio plantado (o sandial). • San Fernando (maio), pulgas á xente e moscas ao gando. • O percebe e o salmón no maio están en sazón. • En maio se fai calor, ou no cabo ou no rabo, o boi bebe no prado. • En maio aínda a vella queima o tallo. • En maio aínda a vella queima o tallo e senón malo. • Maio tolo, <u>nien</u> bo gato nin bo polo. • Nin en maio son máis as horas que o traballo. • Ai maio maiolo, peor é aínda o mes que ven logo. • Maio longo, <u>Ssan</u> Xoán redondo. • Maio me molla, maio me enxuga, maio me leva á sepultura. • Maio frío moito trigo. • Maio pardo, ano farto. • No tempo do cuco á mañán me mollo e á tarde me enxugo. • O que nace no maio é máis atolondrado. • <u>A auga do maio non fai dano.</u>
--	---

XUÑO	<ul style="list-style-type: none"> • A auga por San Xoán tolle o viño e non da pan. • A chuvia de San Xoan tolle o viño e non da pan.. • En San Xoán seca a raíz do pan (centeo). • Por San Xoan bóttalle a fouciña ao pan, e en Santa Mariña da meda fai fariña. • Polo San Pedro abre o rego. • Entre San Xoán e San Pedro xofra sen medo. • Polo San Xoán rapa ao carneiro a lan. • Por San Xoán a sardiña molla o pan. • Ata o cuarenta de maio non quites o saio. • De San Xoán para as Navidás, os días <u>vanb</u> para atrás. • San Xoán, polo mañán cara de can, polo mediodía cara de alegría • Polo San Xoán calquera burro gaña o pan. • En San Xoán, as nove con día dan. • Ata San Xoán non quites o gabán. • Tantos día de sol en Nadal como de auga en San Xoán. • Se chove polo San Pedro, castañas furadas e noces ruíns. • <u>En San Xoán as néboas virán.</u>
------	--

XULLO	<ul style="list-style-type: none"> • Por San Xoan bótalle a fouciña ao pan, e en Santa Mariña da meda fai fariña. • Por Santa Mariña deixa o sacho e colle a fouciña. • Para coller moitos nabos, por Santiago sementalos. • Cando o trigo vai louro o muxe vale ouro. • Por Santa Mariña pinga a sardiña. • Xullo andando, millo arrendando. • Por Santa Mariña cada pinga coa súa birbirichiña. • Se chove por Santa Mariña, cada pinga a súa ameixiña. • Por moito que queira ser Xullo, pouco ha de chover. • Santa Ana, unlla pintada. • En xullo o meu trigo, en agosto o do meu amigo.
-------	--

AGOSTO	<ul style="list-style-type: none"> • Chove en agosto, chove mel e mosto. • Cando chove en agosto chove mel e mosto. • En agosto chove mel e mosto. • Polvo no maio e lama no agosto, pon ao labrego de mal rostro. • Máis vale anubrado de agosto ca sol de setembro. • No agosto a fariña e no setembro a fouciña. • O que queira ter bo entrecosto que cebe no agosto. • En xullo o meu trigo, en agosto o do meu amigo. • A castaña en agosto quer beber e en setembro comer. • No agosto sol postos, noite conosco. • Despois da Peregrina, o inverno vén enriba. • Pasados os Remedios e San Roque xa non hai sesta nin merendote. • Chuvia na semana da Asunción, nin boa faba, nin bo melón. • Polo agosto arden os montes, polo setembro secan as fontes. • En agosto secan as fontes e en setembro arden os montes.
--------	---

SETEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • No setembro arden os montes e secan as fontes. • Polo agosto arden os montes, polo setembro secan as fontes. • No agosto a fariña e no setembro a fouciña. • Polo San Mateu, vendima ti, vendimo eu. • Se queres sacar mel, castra polo San Miguel. • A castaña en agosto quer beber e en setembro comer. • En setembro non hai vella que non temble. • O día de San Nicolau anda o sol de pau en pau. • Setembro, ou leva as pontes ou seca as fontes. • En setembro colle o viño, se é que non chove polo camiño. • En setembro colle o viño e non durmas no camiño. • Máis vale anubrado de agosto ca sol de setembro.
----------	--

OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • Polo Pilar, nabos á terra e viño a envasar.
---------	---

	<ul style="list-style-type: none"> • A horta de outono mantén ao seu dono. • Outono a chegar, porco a cebar. • Outono quente, o demo anda polo seu dente (ou ventre). • Outono quente, trae ao demo no ventre. • San Francisco fai a rela, San Xosé lévaa. • Outono quente, inverno doente. • As mareas máis grandes son as dos lagares. • A lúa de outubro e este cobre, e se chove, move. • <u>En outubro a terra estercola e cubre.</u> • <u>Polo San Simón e San Xudas, mata o teu porco e atesta as túas cubas.</u> • <u>Por San Simón cada moeda vale un doblón.</u> • <u>A verdura de San Simón da para o amo e máis para o ladrón.</u> • <u>Polo San Simón apreta o baldón.</u> • <u>Se chove na lúa de outubro, sete lúas cubre.</u> • <u>As abvenidas de San Simón, sonadas son.</u> • <u>As avenidas de San Simón, antes ou despois, sonadas son.</u> • <u>En outono bota as patacas e garda cedo as vacas.</u>
--	---

NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • <u>A verdura de San Simón da para o amo e máis para o ladrón.</u> • Horta de San Martiño, mantén ao seu dono e máis ao veciño. • Polo San Simón tapa o portelo da sazón (gran sementado do seu tempo), o da resteva non. • Se queres ter allo fino plántao no San Martiño. • Polo San Martiño fabóns ao liño. • Polo San Martiño mátase o porco e próbase o viño. • <u>Ditoso o mes que comeza por Santos e remata por San Andrés.</u> • <u>Bendito o mes que entra con santos e despide con San Andrés.</u> • <u>Por San Andrés, trompos outra vez.</u> • <u>Por San Andrés mata o teu porco se o tés, e se chove tamén.</u> • <u>De Santós á Navidá hai seca de verdá.</u> • <u>De Santos á Navidá, hai inverno de verdá.</u> • <u>É inverno natural de Santos ao Nadal.</u> • <u>De Santoa ao Nadal é inverno natural.</u> • <u>Por Santos neva nos campos.</u> • <u>O verán de San Martiño pode ser grande ou pequeniño.</u> • <u>O verán de San Martiño son tres días e un pouquiño.</u> • <u>Ata San Martiño pan e viño, de San Martiño para adiante, pan e viño bastante.</u> • <u>Ata San Martiño pan e viño, de San Martiño para adiante, fame e frío bastante.</u> • <u>En San Martiño remonta cada día un ferradiño.</u> • <u>San Martiño, San Martiño, ves o inverno polo camiño.</u> • <u>De Santa ao Nadal ou chover ou xear.</u> • <u>San Martiño chego, pero veu a cabalo e non baixou.</u> • <u>Novembro e xaneiro teñen algún tempeiro.</u> • <u>A San Adrés lábralle os pés.</u> • <u>Por San Andrés trompos outra vez.</u> • <u>O día de San Martiño, o inverno vén de camiño, se lle din detente, vén por San</u>
----------	--

	<p><u>Clemente, e aínda que veña retrasado, por San Andrés é chegado.</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Entre Santos e Nadal, ben chover, mellor nevar.</u>
--	--

<p>DECEMBRO</p>	<ul style="list-style-type: none"> • Tantos días de sol en Nadal como de auga en San Xoán. • Cando Nadal nada, sinal de boa anada. • Polo San Clemente bota a túa semente. • Por Santa Lucía, o allo quere ver o día. • <u>De Santos á Navidá hai seca de verdá.</u> • <u>De Santos á Navidá, hai inverno de verdá.</u> • <u>De Santoa ao Nadal é inverno natural.</u> • <u>Por Santa Lucía medra a noite e míngua o día.</u> • <u>De Decembro a Santa Eulalia bota os toros á borralla.</u> • <u>Ata as Navidades nin fame nin frío, das Navidades en diante, fame e frío bastante.</u> • <u>Por Santa Lucía non cae a noite como o día.</u> • <u>Santa Lucía, quítalle á noite e ponlle ao día.</u> • <u>Deus nacido, días crecidos.</u> • <u>Aí vén o mes de Nadal, que non deixe o millo sen apañar.</u> • <u>Se chove antes do día de Santa Bibiana, chove sete días e sete semanas.</u> • <u>Ande o frío por onde andar, sempre ha de vir no Nadal.</u> • <u>Polo Nadal sol, pola Pascua Carbón.</u> • <u>Se polo Nadal neva, todo se aleda.</u> • <u>Polo San Nicolás, neve no chan.</u> •
-----------------	---

- ~~Por Santa Eulalia, se chove e venta, o inverno entra.~~

-

~~REFRÁNS RELACIONADOS CO TEMPO E O CALENDARIO~~

~~O AGRO TRABALLOS, CULTIVOS~~

- ~~Labra con xeadá, matarás a grama e terás boa anada.~~
- ~~Labra por enxoiito ou por mollado e non terás que pedir emprestado.~~
- ~~Cando a garza vai pró mar, colle os bois e bota a arar.~~
- ~~Polo San Clemente, moito abono e pouca semente.~~
- ~~Cando a ruliña veña a rular, colle o millo e vai sementar.~~

- ~~Non caves o millo con néboa, que como está, así queda.~~
- ~~O que en marzo non poda, perde a vendima toda.~~
- ~~A viña do bo amo pódase no marzo, a viña do ruín pódase no abril.~~
- ~~Dame unha, dame tres, pero sen a de maio non me deixés (cava da viña).~~
- ~~Vendima enxoito, se queres coller bo mosto.~~
- ~~A verdura de outono cómea o seu dono.~~
- ~~No outubro, a terra estereca a cubre.~~
- ~~Se é na nova todo é rama, se é na vella máis engrana. (A pataca e a lúa).~~
- ~~Canta a bubela, pataca á terra, canta o cuco, pataca ao suco.~~
- ~~Canta a bubela, liñaza á terra.~~

GANDO

- ~~A muller e a ovella, con día á cortella.~~
- ~~No martes, nin poreo mates, nin galiña deites que pitos saque.~~

TEMPO

- ~~Encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar.~~
- ~~Cando a cabuxa estornuda o tempo muda.~~

CANTIGAS

~~Sachade ben sachadoras,
sachade ben o meu millo;
se non queda ben sachado
¿Que farei pró San Martiño?~~

~~San Antoniño garda o gando,
San Xoán garda as ovellas,
Santa Luceía as costureiriñas
que andan polas casas alleas.~~

O MAR

~~Debala, : baixar a marea~~

~~Balar, abalar. subir a marea~~

~~Mar chan, coma un prato. cando está en calma~~

~~Pouco/moito mar. : cando hai ondas pequenas / grandes~~

~~Marusía: cando hai mar de fondo.~~

~~Correntadas: correntes de auga~~

~~Barbuxán: escuma na beiriña~~

O TEMPO:

~~Axexo: noitiña, caída do sol~~

~~Luzada, amanexo, luada: menceer~~
~~Calma chicha: sen vento~~
~~Casearro: vento entre norte e oeste (verán)~~
~~Nortón: norte duro~~
~~Travesía: vento contrario ao porto~~
~~Vento de terra: leste~~

REFRÁNS:

~~Folla na figueira, muxe na ribeira.~~
~~Ourizo á praia, vendaval á vista.~~
~~Gaiotas á terra, mariñeiros á merda.~~
~~Gaiotas no mar, mariñeiros a pescar.~~
~~Borrasca polo mar, vellos a asollar.~~

DITOS

~~Bate o mar na pedra, e gaña o mar.~~

CANTARES

~~Vento ventiño do Norte,~~
~~vento ventiño mareiro,~~
~~vento ventiño do Norte,~~
~~serás o meu compañeiro.~~

~~Vento ventiño do mar,~~
~~vento ventiño mareiro.~~
~~Vento ventiño do mar,~~
~~tráeme ao meu mariñeiro.~~

A AUGA O TEMPO E O CALENDARIO EN XERAL

REFRÁNS

- Cando a cabuxa estornuda o tempo muda.
- Cando chove e fai sol anda o demo no fol.
- Cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol.
- Cando chove e fai sol van as meigas para Ferrol.
- Cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol, con saquetes de alfileres para espetarlle no cú ás mulleres.
- Cando chove e fai sol anda o demo por Ferrol, cheo de alfileres para espetarlle no cú ás mulleres.
- Norte escuro, vendaval seguro.
- Ano de ventos, ano de medos.
- Inverno chuvioso, verán abondoso.

- Nin no inverno sen capa, nin no verán sen cabaza.
- Xeada enriba de lodo, auga deica o codo.
- Xeada na lama, auga (ou choiva) na cama.
- Se a neve cae na lama, por auga chama.
- Norte do sábado non chega ao luns.
- Chuvia no mar e vento na ría, auga para todo o día.
- A neve, deixaa ir con quen a leve.
- Ano de nevadas, ano das anadas.
- Ceo amartillado, vento sur declarado.
- Ceo cavado, chan mollado.
- Ceo empedrado, chan mollado.
- O ceo empedrado trae o chan mollado.
- Lúa nova con tronada, trinta días de internada.
- Ceo empedrado trae o chan mollado.
- Ceo de lan, se non chove hoxe choverá mañán.
- Ceo caspento, ou choiva, ou vento.
- Cando no ceo hai ovellas, logo pingan as tellas.
- Cando se senten as campás do Grove, antes de tres días chove.
- Cando as formigas toman o sol pouco dura a calor.
- Se chove o Domingo antes da misa, temos toda a semán de risa.
- Lúa nova con tronada, trinta días de internada.
- Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao mencer.
- Nordeste escuro, vendaval seguro.
- O ourizo á praia, vendaval á vista.
- Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.
- Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol.
- Inverno chuvioso, verán abondoso.
- Folla na figueira, muxe na ribeira.
- Ourizo á praia, vendaval á vista.
- Gaivotas á terra, mariñeiros á merda.
- Gaivotas no mar, mariñeiros a pescar.
- Borrasca polo mar, vellos a asollar.
- A muller e a ovella, con día á cortella.
- Os días a medrar, o tempo a empeorar.
- O mal tempo no seu tempo é bo tempo.
- Bicho pola tarde, vento contrario pola mañá.
- Tornada polo leste, vento sur ou Noroeste.
- Nube polas covas, norte polas arrobas.
- Esta noite chuisca, mañá hai barro, probe do carreteiro que vaia co carro.
- Non hai lúa como a de xaneiro nin amor coma o primeiro.
- As mareas máis grandes son as dos lagares.
- Vento do norte e auga da ría, carallada para todo o día.
- O tempo e a fortuna, todo se muda.
- Se chove antes da misa, leva a semana de risa.
- Non hai sábado sen sol, nin María sen amor.

AGRO

- No martes, nin porco mates, nin galiña deites que pitos saque.
- Labra con xeada, matarás a grama e terás boa anada.
- Labra por enxoiro ou por mollado e non terás que pedir emprestado.

	<ul style="list-style-type: none"> • Encarnado para o mar, colle os bois e vai labrar. • Cando a garza vai pró mar, colle os bois e bota a arar. • Polo San Clemente, moito abono e pouca semente. • Cando a ruliña veña a rular, colle o millo e vai sementar. • Non caves o millo con néboa, que como está, así queda. • O que en marzo non poda, perde a vendima toda. • A viña do bo amo pódase no marzo, a viña do ruín pódase no abril. • Dame unha, dame tres, pero sen a de maio non me deixés (cava da viña). • Vendima enxoiro, se queres coller bo mosto. • A verdura de outono cómea o seu dono. • No outubro, a terra esterca a cubre. • Se é na nova todo é rama, se é na vella máis engrana. (A pataca e a lúa). • Canta a bubela, pataca á terra, canta o cuco, pataca ao suco. • Canta a bubela, liñaza á terra. • Vento de luns non chega a venres. • Tempo, vento e muller de fortuna, axiña se muda. • Nin polo bó tempo te agoches, nin polo malo te asañes. • O tempo fai culleres, e non mulleres. • No inverno non hai mal can, nin mala pólvora no verán. • Aí ven San Lourenzo co seu cabaceiro penso, aí ven San Salvador, co seu augador, aí vén Santa Mariña, coa súa pinguña. <p>• Ana, Rabana, Rebeca, Susana, Lázaro, Ramos, en Pascuas estamos (as semanas da Cuaresma).</p>
<p><u>DITOS</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> • En cada tempo o seu tempo. • A mal tempo boa cara. • O bo tempo está na porta. • O tempo e pai da verdade e irmán da mentira. • O tempo é sabio, pero o diaño é vello. • Tras do bo tempo ha de vir o mal tempo. • Calquera tempo pasado, é mellorado.
<p><u>CANTIGAS</u></p>	<p>Vento ventiño do Norte, veNto ventiño mareiro, vento ventiño do Norte, serás o meu compañeiro.</p> <p>Vento ventiño do mar, vento ventiño mareiro. Vento ventiño do mar, tráeme ao meu mariñeiro.</p> <p>Sachade ben sachadoras, sachade ben o meu millo; se non queda ben sachado ¿Que farei pró San Martiño?</p>

<p><u>ADIVIÑAS</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Moitas damas nun corral, todas visten dun vestir, todas cantan un cantar (as pingas de auga).</u> • <u>Asubía e non tén boca, anda e non tén pés, tócache na cara e non o ves (o vento).</u> • <u>Que cousa é a que canto máis meda non se ve (a escuridade, a noite).</u> • <u>Sempre quedas, sempre quedas, de día durmindo e de noite despertas. (as estrelas).</u> • <u>Unha saba branca, nin de fío nin de algodón, que cubre toda a terra, pero o río non (a neve).</u> • <u>Longo coma un camiño e torto coma un fouciño (o río).</u> • <u>Grande, grande, máis grande que a terra, arde e non se queima, queima e non é candel (o Sol).</u> • <u>Hai unha cousa que todos a toman e ninguén a rouba. (o Sol).</u> • <u>Son un home importante, ando mellor que o reló, érgome sempre moi cedo e déitome á oración (o Sol).</u> • <u>Chámanme rei e non teño reino, din que son rubio e non teño pelo, afirman que ando e non me movo, aranzo relós e non son reloxeiro (o Sol).</u> • <u>Alto pampín, redondo polete, que chova, que neve, el non se derrete (o Sol).</u> • <u>Sen ser rica teño cartos, sen morrer nazo nova e, apesares que non como moitas veces, estou chea (a Lúa).</u> • <u>Redondiña coma un pé de mular, pasa o río sen se mollar (a Lúa).</u> •
<p><u>VOCABULARIO</u></p>	<p><u>O TEMPO:</u> <u>Axexo: noitiña, caída do sol</u> <u>Luzada, amanexo, luada: mencer</u> <u>Calma chicha: sen vento</u> <u>Cascarro: vento entre norte e oeste (verán)</u> <u>Nortón: norte duro</u> <u>Travesía: vento contrario ao porto</u> <u>Vento de terra: leste</u></p> <p><u>O MAR</u> <u>Debala,: baixar a marea</u> <u>Balar, abalar. subir a marea</u> <u>Mar chan, coma un prato. cando está en calma</u> <u>Pouco/moito mar.:cando hai ondas pequenas / grandes</u> <u>Marusía: cando hai mar de fondo.</u> <u>Correntadas: correntes de auga</u> <u>Barbuxán: espuma na beiriña</u></p>
<p><u>COÑECER O TEMPO</u></p>	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Polo fume das cheminés.</u> <p><u>MAL TEMPO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Vento do sur frñio.</u> • <u>Despois de que un home foi trabado por un escáncer.</u> • <u>Cando un gato leva a cara cara abaixo.</u> • <u>Cando as paredes reben ou están abafadas.</u>

	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Cando a choiva fai globos nas poceiras indica que vai seguir chovendo un tempo.</u> • <u>Cando rebe o sebo dos bocois.</u> • <u>Se cantan os sapos, ao día seguinte hai auga.</u> • <u>Cando os morcegos están cara abaixo, ao outro día chove.</u> • <u>Cando o can mexa moito.</u> • <u>Rinchan as portas e ventás.</u> • <u>As gai votan mantéñense máis en terra.</u> • <u>Pola reuma da xente, doen as fracturas e as cicatrices doen ou pican.</u> • <u>Non se ven as estrelas pola noite.</u> • <u>Polas nubes negras.</u> • <u>Se a lúa leva risco, choivas seguras.</u>
	<p><u>BO TEMPO</u></p> <ul style="list-style-type: none"> • <u>Cando o sol está moi encarnado.</u>

A AUGA

<u>REFRÁNS</u>	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Auga corrente non mata á xente, auga parada, tenna matada.</u> • <u>A auga todo lava, senón a mala fama.</u>
-----------------------	--

	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Da auga correr e da xente falar, non se pode privar.</u> • <u>As mareas máis grandes son as dos lagares.</u>
<u>DITOS</u>	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Tanto a auga da na pedra que acaba por amolecela.</u> • <u>A auga e miúda, a pedra é dura, pero pinga a pinga fai cavadura.</u> • <u>Auga que vai río abaixo para arriba non ha de volver.</u> • <u>Auga que non has de beber, deixaa correr.</u> • <u>Bate o mar na pedra, e gaña o mar.</u> • <u>Auga para os peixes, ara os homes viño a feixes.</u>
<u>CANTIGAS</u>	<p><u>Es coma auga moleira,</u> <u>que anque non pareza molla,</u> <u>tes moi boas palabriñas</u> <u>para quen non te conoza.</u></p> <p><u>RECITADO</u> <u>Auga, que forte eres,</u> <u>que apagas o lume</u> <u>que queima o pau</u> <u>que malla o gato</u> <u>que corre o rato</u> <u>que fura o muro</u> <u>que torna o aire</u> <u>que corre a nube</u> <u>que cubre a lúa</u> <u>que turba o sol</u> <u>que derrete a neve</u> <u>que no meu pé prende.</u></p>
<u>ADIVIÑAS</u>	<ul style="list-style-type: none"> • <u>Que cousa é que canto máis se lava máis se luxa. (A auga).</u>

REFRÁNS

- Xeada enriba de lodo, auga deica o codo.
- Xeada na lama, auga na cama.
- A neve, deixaa ir con quen a leve.
- Ano de nevadas, ano das anadas.
- Auga corrente non mata á xente, auga parada, tenna matada.

DITOS

Tanto a auga da na pedra que acaba por amolecela.
A auga e miúda, a pedra é dura, pero pinga a pinga fai cavadura.
Auga que vai río abaixo para arriba non ha de volver.
Auga que non has de beber, deixaa correr.—

CANTIGAS

Es coma auga moleira,
que anque non pareza molla,
tes moi boas palabriñas
para quen non te conoza.

RECITADO

Auga, que forte eres,
que apagas o lume
que queima o pau
que malla o gato
que corre o rato
que fura o muro
que torna o aire
que corre a nube
que cubre a lúa
que turba o sol
que derrete a neve
que no meu pé prende.

o aire

REFRÁNS:

- Ceo amartillado, vento sur declarado.
- Ceo cavado, chan mollado.
- Cando no ceo hai ovellas, logo pingan as tellas.
- Ceo caspento, ou choiva, ou vento.
- Lúa nova con tronada, trinta días de invernada.
- Arco da vella ao anoitecer, bo tempo ao mencer.
- Nordeste escuro, vendaval seguro.
- O ourizo á praia, vendaval á vista.
- Gaiotas á terra, mariñeiros á merda.
- Cando chove e fai sol, anda o demo por Ferrol.
- Inverno chuvioso, verán abondoso.

O planeta

do novo milenio

Nesta exposición presentamos algúns datos para coñecer e entender mellor o noso planeta, e aprender así a valorar as consecuencias do noso comportamento individual e colectivo.

Podemos considerar o planeta TERRA como unha nave que viaxa polo Universo. Móvese arredor do SOL a 106.590 Km /h e xira arredor de si mesma a 1.675km/hora.

A Terra é un sistema autosuficiente e auto-regulado cunhas características (temperatura, composición atmosférica, luz, auga...) que a converten no único planeta habitable coñecido.



Existe un so mundo para todos.
Un circuito pechado
que funciona coa enerxía do Sol.

